

## DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2021/G005/000032.

**Excm. Sra. Alcaldesa Presidenta en funcións do Excmo. Concello de Lugo,  
D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN.**

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **Ordinaria** da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **mércores**, día **18 de agosto de 2021, ás 10:00 horas**. *No caso de non existir quórum de asistencia suficiente, a sesión celebrarase pola mesma vía UNHA HORA MÁIS TARDE (11:00 horas)*, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

### ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

#### CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

1. CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA EXTERNA PARA A ELABORACIÓN DA "PLANIFICACIÓN DETALLADA DE ZONAS DE CONFORT CLIMÁTICO RESIDENCIAL (ZCCR)", CORRESPONDENTE Á ACCIÓN C3 DO PROXECTO LIFE14 CCA/ES/000489 LUGO + BIODINÁMICO. "PLANIFICACIÓN DUN BARRIO MULTI-ECOLÓXICO COMO MODELO DE RESILIENCIA URBANA" COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA MEDIANTE O INSTRUMENTO FINANCIERO LIFE 2014-2020. (EXP. 2020/C003/000074). PROPOSTA ADXUDICACIÓN.

2. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE COHESION E DINAMIZACIÓN SOCIAL E NO CONCELEIRO DELEGADO DE XUVENTUDE E DEPORTES PARA A RESOLUCIÓN DE TODOS OS ACTOS DE TRÁMITE E RESOLUTIVOS EN RELACIÓN COS PROCEDIMENTOS ADMINISTRATIVOS DE CONTRATACIÓN RELATIVOS Á CELEBRACIÓN DO FESTIVAL CAUDAL FEST 2021 E DA PROBA INICIAL DO CIRCUÍTO "WORLD PADEL TOUR" 2021 NO TERMO MUNICIPAL DE LUGO.

#### FACENDA LOCAL

3. LICENZAS URBANÍSTICAS.- REGULARIZACIÓN DA SITUACIÓN TRIBUTARIA EN CONCEPTO DE TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS E IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS, Ó DENEGARSE A LICENZA SOLICITADA PARA A LEGALIZACIÓN DE REFORMAS, MODIFICACIÓN DE INSTALACIÓNS E AMPLIACIÓN DE NAVE NA RÚA DA AGRICULTURA, 52-55 A.

## **ACTAS E GOBERNO**

RBB/nmf

Refª: ispac1980446019678537990.doc

Asunto: CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-8-2021

4. SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN EN CONCEPTO DE IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS, POR TERSE DECLARADO A CADUCIDADE DA LICENZA DE OBRAS NÚMERO 121/2011 OUTORGADA PARA CONSTRUIR UN EDIFICIO NA RÚA SERRA DOS ANCARES, 31-33.

5. REGULARIZACIÓN DA SITUACIÓN TRIBUTARIA EN CONCEPTO DE TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS E IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS, Ó DESISTIR DA LICENZA DE OBRAS SOLICITADA PARA LEGALIZACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EN VILAVERDE, PARROQUIA DE OUTEIRO DAS CAMOIRAS.

### **ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA**

#### **LICENZAS URBANÍSTICAS**

6. LICENZA URBANÍSTICA PARA REHABILITACIÓN, REFORMA E AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓN EXISTENTE, COMPOSTA DE PLANTA BAIXA PARA ACCESOS E LOCAL SEN USO DEFINIDO, TRES PLANTAS ALTAS E APROVEITAMENTO BAIXOCUBERTA PARA TRES VIVENDAS, SITO NA RONDA DA MURALLA, NÚMERO 178. (EXPTE: 2020/Y001/000005)

7. LICENZA PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN TRADICIONAL EXISTENTE, SITA NO NÚCLEO RURAL 29.2 CASTRO (P)-VILAR-GUNTÍN, CASTRO, NÚMERO 9. (EXPTE: 2020/Y001/000364)

### **ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA**

#### **PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ**

8. CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2021 Á CRUZ ROJA ESPAÑOLA (CIF Q2866001G). PROGRAMA:SERVIZOS PREVENTIVOS E INTERVENCIÓN EN EMERXENCIAS, EN ACTUACIÓNS DE CARÁCTER PREVENTIVO REALIZADAS NO TERMOMUNICIPAL DE LUGO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DE ACTOS DE CARÁCTER CULTURAL, DEPORTIVO, FESTIVO OU SIMILARES. IMPORTE: 22.000,00 €.

### **ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA**

#### **CULTURA**

9. PROPOSTA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA TENENTA DE ALCALDESA E CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA PARA A RESOLUCIÓN DE TODOS OS ACTOS DE TRÁMITE E RESOLUTIVOS EN RELACIÓN COS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS DE CONTRATACIÓN RELATIVOS ÁS FESTAS DE SAN

FROILÁN

## ÁREA DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

### SERVIZOS SOCIAIS

10. APROBACION DA CONCESIÓN DIRECTA DAS SUBVENCÍONS PREVISTAS NOMINATIVAMENTE NAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE LUGO (EXERCICIO ECONÓMICO 2021) E APROBACIÓN DOS RESPECTIVOS CONVENIOS A ASINAR ENTRE O CONCELLO DE LUGO E AS ENTIDADES QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DOS SERVIZOS SOCIAIS.

### MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

### ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión á Vicesecretaría, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

**Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta en funcións.**